

A COMEDIA E PLAUTO

1. INTRODUCCIÓN

A comedia era o xénero teatral máis popular en Roma. Os comediógrafos (Plauto e Terencio) non creaban obras teatrais orixinais, senón que adaptaban obras de autores gregos (concretamente da Comedia Nova grega¹) para que fosen do gusto dos espectadores romanos: mesturaban argumentos, fragmentos ou personaxes de dúas ou máis pezas gregas orixinais, e tamén introducían episodios novos. Isto coñécese co nome de **contaminatio**. Os orixinais gregos, porén, seguían presentes nos nomes dos personaxes, na vestimenta, na ambientación e na xeografía na que se situaba a acción. Esta comedia adaptada (de transfondo grego) chámase **fabula palliata**. Recibe o seu nome a partir de *pallium*, unha vestimenta típica grega. As comedias de argumento, tema e personaxes propiamente romanos, é dicir, as que eran orixinais e non adaptación de comedias gregas, eran as **fabulae togatae** (recibían o seu nome de *toga*, traxe típico dos cidadáns en Roma) e tiveron moito menos éxito.

Outras representacións teatrais eran a fabulla atellana e o mimo. A **fabula atellana** era de ambientación e personaxes itálicos moi tipificados, de argumento sinxelo e breve, e nela é posible que xogase un papel moi relevante a expresión corporal. O **mimo** tiña un argumento sinxelo e a xesticulación era o elemento esencial.

As representacións de teatro formaban parte dos festivais (*ludi*) que se celebraban ao longo do ano. Estes non eran simplemente para deleite dos cidadáns, senón que tamén estaban moi vinculados á relixión, pois moitos festivais celebrábanse con motivo dalgunha festividade relixiosa.

Durante moito tempo os escenarios foron de madeira e montábanse adrede para as representacións. Pompeio foi quen creou o primeiro teatro (non provisional) en Roma no ano 55 a.C. Anos máis tarde, no 13 d.C., Augusto levantou o teatro Marcelo. A partir da época de Augusto (principios do s. I d.C.)

¹ Comedia Nova grega: desenvólvese entre a segunda metade do s. IV a.C - primeira metade do s. III a.C.

empezáronse a construír teatros en todas as cidades importantes do Imperio, como as cidades hispanas de Mérida, Cartaxena ou Sagunto.



Templo


Teatro

Peristilo

Reconstrución do **teatro de Pompeio**.

O edificio, ademais de albergar un teatro, contaba cun patio porticado e axardinado de forma rectangular (un patio con estas características é un peristilo).

O teatro estaba unido a un templo consagrado a Venus Victoriosa (*Venus Victrix*).



Reconstrución do **teatro de Marcelo**.



Restos do teatro de Marcelo na actualidade.

Os actores agrupábanse en compañías (*greges, catervae*), á fronte das que estaba o *dominus gregis*, unha especie de director e produtor. Ás veces contaban cun *choragus* (escenógrafo), persoa responsable da posta en escena (vestiario, decorados...).

Parece que para a representación se precisaban polo menos 3 actores (eran varóns e escravos) e un músico que en determinadas pasaxes da obra tocaba a

frauta ou a tibia (un tipo de frauta). Os actores cubrían o rostro con máscaras e, como xa se dixo, levaban unha determinada vestimenta.

2. PLAUTO (ca. 250-184 a.C.)

Titus Maccius Plautus naceu en torno ao ano 250 a.C. na cidade de Sarsina (ao norte de Umbría). A súa lingua materna era o umbro, pero tamén dominaba o latín (debeu chegar a Roma sendo novo) e aprendeu grego.



No mapa sinálase a rexión de Umbría na actualidade.

No ano 205 a.C. estreou a súa primeira comedia, *Miles Gloriosus* (O soldado fanfarrón). Neste momento xa estaba asentado en Roma e dedicábase plenamente á comedia. Cultivaba a *fabula palliata*.

Plauto foi prolífico ata o ano da súa morte (184 a.C.), no que estreou a súa última comedia, *Casina*.

Gozou de tanta popularidade que lle adxudicaron máis de 120 obras. Non obstante, Marco Tulio Varrón (autor do s. I a.C.), tras estudar en profundidade esas 120 pezas, dixo que só 21 eran auténticas, é dicir, só estas foran compostas por Plauto. Estas 21 comedias son coñecidas como *fabulae Varroniana*e ou “comedias varronianas”. Actualmente conservamos 20, un número moi elevado e excepcional entre os autores antigos, tanto gregos como latinos, e que é unha proba do inmenso éxito e gran difusión da súa obra ao longo dos séculos.

A partir do Renacemento as súas obras foron moi traducidas e imitadas nas literaturas europeas. A súa influencia é clara en autores como Boccaccio, Shakespeare, Lope de Vega e Molière.

3. CARACTERÍSTICAS DA COMEDIA PLAUTINA (FABULA PALLIATA)

- Para a súa elaboración utilízase a técnica da **contaminatio** (vid. supra) e como modelos, comedias da Comedia Nova grega, especialmente de Menandro.
- O **título** pode ser o nome dun personaxe (por exemplo, *Casina*), facer referencia ao seu carácter (por exemplo, *Miles gloriosus*) ou a algún elemento de interese no transcurso da obra (este é o caso de *Asinaria*, onde o diñeiro da venda duns asnos dá lugar a incidentes cómicos. Recórdese que en latín *asinus* significa “asno”).
- A comedia está escrita en **verso**. Algunhas partes eran recitadas; outras, cantadas e acompañadas de música (flauta e/ou tibia).
- O **argumento** acostuma ser complicado e, para facilitar a súa comprensión, a maioría das obras plautinas están precedidas por un prólogo. O argumento baséase en enredos e equívocos, na rivalidade entre un mozo e un ancián por conquistar a unha rapaza, en fillos perdidos e o seu posterior recoñecemento... É recorrente a presenza do amor e do dinero, e buscábase a comicidade e facer rir ao espectador.
- En canto á **estrutura**, a comedia consta de:
 - o Prólogo: antes de que a acción comece, unha divindade, un personaxe alegórico (*Luxuria*, *Inopia*), un personaxe da obra o un personaxe especial chamado *Prologus* explica o argumento para facilitar a comprensión, e trata de captar a atención e o favor do público.
 - o Actos: constan de partes faladas (*diverbia*) e partes cantadas (*cantica*). Ámbalas dúas están escritas en verso e a versificación presenta gran variedade métrica. Determinadas pasaxes levaban acompañamento de frauta ou tibia.

- Os costumes representados son fundamentalmente gregos. Deste xeito considerábase que a comedia plautina non exercía unha influencia desmoralizadora na sociedade romana.
- Os personaxes son **personaxes tipo**, sen case caracterización psicolóxica. A súa orixe grega permite caricaturizalos e esaxerar os seus rasgos máis grotescos e cómicos. (Para máis información sobre os personaxes, véxase o apartado 4).
- O **estilo** e a **lingua** da obra varían segundo o momento: cando un personaxe ten que razoar, déixase ver que Plauto domina os esquemas da retórica antiga; pero noutros momentos a lingua é coloquial e incluso vulgar. A linguaxe inclúe termos cariñosos, insultos, expresións groseiras, xogos de palabras...
- O **final** sempre é **feliz**.

4. PERSONAXES DA COMEDIA PLAUTINA

Os personaxes da comedia latina son personaxes tipo (simples e estereotipados). A Plauto non lle interesa a caracterización psicolóxica. Están inspirados en personaxes da Comedia Nova, é dicir, teñen orixe grego, como demostran os seus nomes gregos e parlantes (por exemplo, na comedia *Pseudolus* o parásito chámase Artotrogo, que significa “Devorapán”; e en *O soldado fanfarrón*, o soldado chámase Pírgopolinices, “Vencedor de cidades amuralladas”). A súa orixe grega permite caricaturizalos e esaxerar os seus rasgos máis grotescos e cómicos, buscando así a gargallada do auditorio.

Preséntanse a continuación os principais personaxes:

- O mozo namorado (*adulescens*), preocupado só de conseguir a rapaza que desexa. Para lograr o seu obxectivo a miúdo recorre á axuda dun dos seus escravos.
- O ancián (*senex*) pode ser un pai severo e contrario ás pretensións do seu fillo ou un vello avaro e rosmón. Estes personaxes frecuentemente acaban

sendo estafados ou burlados. Tamén existe o vello verde, que está namorado dunha moza e que remata sendo o branco de burlas e risas.

- O escravo é o personaxe con máis rexistros. É hábil, chistoso, falangueiro e mentireiro. Non dubida en axudar ao seu amo, pero tamén intenta buscar beneficios para si mesmo. Entre estes personaxes destaca o parásito, un escravo comellón e desvergonzado que sae airoso de todo tipo de problemas recorrendo a súa imaxinación, a súa astucia e ao enxeño. Os personaxes dos escravos, que a priori parecen secundarios, son os máis logrados da obra de Plauto e os que en moitas ocasións levan o peso da acción. Así o demostran os propios títulos das comedias plautinas, bautizadas ás veces cos nomes dos escravos que nelas participan (ex. *Pseudolus*, *Curculius*).
- O soldado fanfarrón (*miles gloriosus*) e mullereiro.
- O traficante de escravos e de prostitutas (*leno*).

Poderíase dicir que os personaxes femininos teñen papeis menos relevantes. Moitas veces son o contrapunto dun personaxe masculino ou simplemente serven para introducir unha historia amorosa, unha das principais tramas da comedia. Entre estes personaxes encontramos:

- A moza nova e inocente (*virgo*) que foi raptada. Acostuma ser de boa familia, pero atópase nas mans do traficante de mulleres. Ao final da obra é encontrada e recoñecida.
- A madama (*meretrix*) lixeira de cascos e alegre que fai de todo para sacar diñeiro aos que frecuentan o prostíbulo e buscan os seus favores sexuais.
- A esposa do protagonista (*uxor* ou *matrona*), que é malhumorada, severa, dominante e vulgar. A miúdo sae malparada e a súa arrogancia convértese en obxecto de burla.
- A vella alcaiota (*lena*), borracha e amante do diñeiro, cuxos plans para enriquecerse acaban mal.

5. ALGÚNS TÍTULOS E ARGUMENTOS

Anfitrión (*Amphitruo*): Esta é unha comedia de enredo. O deus Xúpiter está namorado de Alcmena e aproveita a ausencia do seu marido, Anfitrión, que está ao fronte das tropas tebanas, para tomar o aspecto físico deste e desfrutar dunha longa noite de amor con ela. Acompañaos e sírveo Mercurio, que tomou o aspecto de Sosias, escravo de Anfitrión. Mercurio, transformado en Sosias, está disposto a todo con tal de favorecer os amores de seu pai e de Alcmena. Compórtase así como o leal e enxeñoso escravo das comedias. Mentres isto sucede, os verdadeiros Anfitrión e Sosias volven da guerra. Esta situación bríndalles aos deuses a posibilidade de burlarse deles e provocar divertidas situacións. Tan pronto como Sosias chega á casa para anunciar o regreso victorioso do seu amo, encóntrase co seu dobre, Mercurio, que lle fai regresar ao porto e incluso dubidar da súa propia identidade. Xúpiter, pola súa parte, despídese de Alcmena coa desculpa de ir loitar de modo que, cando o verdadeiro Anfitrión chega, Alcmena cre que se está burlando dela. Anfitrión enfurécese ao enterarse de que supostamente el e a súa esposa pasaron a noite xuntos. A discusión acaba con Anfitrión indo buscar testemuñas para resolver o problema. Esta situación é aproveitada por Xúpiter (vestido de Anfitrión) para pedirlle perdón a Alcmena polo altercado, explicarlle que só era unha broma, e desfrutar dos seus favores sexuais. A obra contén unha lagoa (perdeuse texto) e acaba co nacemento dos xemelgos, Hércules e Ificles, froito do encontro entre Alcmena e Xúpiter, e con Xúpiter revelando a súa verdadeira identidade e aclarando o sucedido.

Aulularia (A comedia da pota): Nesta comedia destacan dous temas fundamentais da obra de Plauto, o diñeiro e o amor. Euclión, un vello pobre e avaro, encontra unha pota chea de diñeiro na súa casa e está obsesionado con protexela de calquera ameaza. A súa ofuscación co diñeiro é esaxerada para convertila nun elemento cómico. Preto vive Megadoro (o seu nome significa “O gran regalo”), un vello rico, a quen súa irmá, Eunomía (o seu nome significa “A boa lei”), lle aconsella casar. El quere como esposa unha moza nova, aínda que a familia desta non poida aportar unha dote. Megadoro pide a Fedria, a filla de Euclión, en matrimonio e este dálla, aínda que está convencido de que o seu futuro xenro está enterado do descubrimento do tesouro. Cando a casa de Euclión empeza a estar chea de xente para o banquete nupcial, o vello decide

saír para enterrar a pota. Neste momento, o escravo de Licónides, o amante de Fedria, descobre o vello e rouba a pota. Licónides, era fillo de Eunomía e sobriño de Megadoro. O mozo, enterado da voda, fala con súa nai para que seu tío lle ceda como esposa a moza, pois el mesmo a deixara embarazada. Posteriormente óense gritos da moza que está parindo (ela nunca aparece en escena) e lamentos de Euclión por perder a súa pota. Licónides, porén, pensa que os lamentos se deben ao disgusto polo parto de Fedria. Licónides e Euclión manteñen unha conversación chea de malentendidos: Licónides fala de Fedria e Euclión da pota. Ao final todo se aclara e Euclión entrega a súa hija en matrimonio a Licónides e recupera a súa pota co diñeiro.

Cistellaria (A cestiña): Esta é unha comedia de recoñecemento. Unha rapaza de nome Selenio, que fora abandonada ao nacer e recollida por una meretriz, namórase dun mozo de boa familia, Alcesimarco, que tamén a quere con paixón. Selenio, a pesar de ser meretriz, só se deitara co rapaz que ama. Non obstante, o pai do mozo oponse á relación, pois pensa que Selenio é filla da meretriz, e quere que o seu fillo se case coa filla de Demifón, un vello rico. Pola súa parte, Demifón violara na súa xuventude a unha rapaza, que tivera unha nena á que abandonaran. Querendo reparar a súa culpa, Demifón casara coa nai da nena e dedicábanse desde facía anos a buscar á cativa. Finalmente, o astuto escravo de Demifón, cando xa Selenio e Alcesimarco pensaban nun dobre suicidio, consegue descubrir que Selenio era a nena que buscaban. O descubrimento débese a un obxecto que identifica á rapaza, unha cesta, que dá nome á obra. Despois deste descubrimento, os mozos xa poden casar.